

Entrevista a Xavier Queipo na “Radio Galega” co gallo da presentación da exposición “Onde o mundo se chama Terranova”. Vigo, Museo do Mar, Abril 2008.

Porqué a literatura galega non lle prestou tanta atención á temática marítima como ao mundo rural do interior?

Non estou talmente de acordo coa tese da súa pregunta. Non é certo que haxa pouca literatura de tema marítimo, non hai máis que pensar que dende **Martín Códax** (“e cercáronme as ondas que grandes son”) ata un poema recente de, por exemplo, **Ana Romaní** (“as mulleres de sal, con argazos de sombras/xorden das últimas mareas”), hai toda unha serie de textos sobre o mar, certo que as máis das veces falan do mar visto dende terra, mais falan do mar. Se historias se contaron, contáronse en castelán, e estou pensando en **Cornide de Saavedra** ou en **Sarmiento de Gamboa** ou en **Mourelle de la Rúa**, que navegou o Pacífico todo e do que atopei unha páxina do seu diario de navegacións publicada en inglés por unha universidade dos Estados Unidos de América, pois eles deixaron pouca traza escrita das súas singraduras, e se a deixaron non nos chegou como debera, na lingua dos nosos, senón na lingua dos conquistadores casteláns.

Este é un dos grandes temas da literatura universal de todos os tempos, de que maneira se aportan agora visións novas sobre a aventura do mar e a navegación?

Non estou seguro que haxa visións novas sobre a aventura do mar, mais agora hai unha temática apaixonante, que ata hai uns anos non existía. A vida de illamento nas plataformas petrolíferas no mar aberto, a minería submarina, os novos piratas e as súas técnicas de abordaxe, as persecucións dos navíos de bandeiras de conveniencia, o tráfico de drogas, a exploración das simas abisais. O que acontece é que moitas destas temáticas están aínda só na literatura científica e técnica e non chegaron aínda á literatura de evasión, mais chegarán, só hai que ter paciencia.

Qué obras de temática marítima considera libros de referencia e por qué?

Centrándome no sistema literario galego, temos boas narracións de tema marítimo da man de **Víctor Freixanes** (*O triángulo inscrito na circunferencia, A cidade dos Césares*), de **Alfredo Conde**, *Azul Cobalto ou María das Batallas*), de **Xavier Alcalá** (*Alén da desventura*), de **Álvaro Cunqueiro** (*Se o vello Sinbad volveuse ás illas*), de **Marilar Alexandre** (*A expedición do Pacífico*) e deste que lles fala (*O Paso do Noroeste, Ártico e outros mares, A illa dos lémares e Saladina*), por nomear as que teño lido e sen ánimo de ser prolixo. Non se pode falar dunha tradición consolidada, mais si dunhas obras pioneiras no xénero, que verán chegar tras delas moitas outras. Xa aparecerá quen teña algo que narrar, xa chegará sen procuralo, como as mellores cousas do mundo, aquelas que nos abraian de vez.

Ten algún novo proxecto relacionado co mar?

Estou agora cunha novela que vai de navegacións e de aventuras marítimas e terrestres. Conta unha navegación de Galiza a Borneo, pasando por Tristán da Cunha, Mozambique, Goa, Macao e o País dos Dayaks. Un pouco cedo para lles contar algo máis. Só dicir que estou gozando como hai anos que non gozaba coa escrita.